

## Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero. Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Belén Fernández Docampo. Profesora Contratada Doutora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade de Vigo

Teresa Pedrosa Silva  
Delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo

## Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar aforo

## Persoas destinatarias:

- Organizacións empresariais e sindicais
- Alumnas e alumnos de Dereito e Relacións Laborais da Universidade de Vigo
- Avogados/as e Graduados/as Sociais
- Profesionais vencellados coa materia e persoas interesadas nesta
- Empresas e traballadores/as da zona franca de Vigo

## Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 13 ao 28 de novembro de 2017, nos seguintes lugares:

Para o alumnado da Universidade de Vigo: Área de Dereito do Traballo e Seguridade Social da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. Campus As Lagoas, s/n. Vigo.

Para as organizacións empresariais, sindicais e profesionais: Consello Galego de Relacións Laborais. Rúa Algalia de Abaixo, 24. Santiago de Compostela.

## Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

## XORNADA

“PERSPECTIVAS DE ANÁLISE E CUESTIÓN LABORAIS DE ACTUALIDADE”



## Información e inscricións:



Consello Galego de Relacións Laborais

Tfno. 981 957 489.- Fax: 981 541 610

[maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal](mailto:maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal)

Universidade de Vigo

Tfno.: 986 813840

[dt1x13@uvigo.es](mailto:dt1x13@uvigo.es)

Consorcio Zona Franca de Vigo

Tfno.: 986 120 744

[zonafrancavigo@zonafrancavigo.com](mailto:zonafrancavigo@zonafrancavigo.com)

# XORNADAS 2017

## PERSPECTIVAS DE ANÁLISE E CUESTIÓN LABORAIS DE ACTUALIDADE



Vigo, 29 de novembro de 2017

Auditorio do Museo do Mar de Galicia

# PERSPECTIVAS DE ANÁLISE E CUESTIÓNS LABORAIS DE ACTUALIDADE

## Organiza:

Consello Galego de Relacións Laborais

Departamento de Dereito do Traballo da  
Universidade de Vigo

Consorcio da Zona Franca de Vigo

**Data:** 29 de novembro de 2017

**Lugar:** Auditorio do Museo do Mar de Galicia.  
Avda. Atlántida, 160. 36208 Vigo

**Mércores, 29 de novembro de 2017**

**15:45** Acreditación e recollida de documentación

**16:00** Inauguración

**16:15** Primeira mesa redonda:

## LÍMITES CONCEPTUAIS ENTRE AS EMPRESAS MULTISERVIZOS E AS EMPRESAS DE TRABALLO TEMPORAL

*Mercedes López Balaguer*

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da  
Seguridade Social da Universidade de Valencia*

## PROBLEMÁTICA XURÍDICO-LABORAL DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DAS EMPRESAS SUBCONTRATISTAS

*María Teresa Conde-Pumpido Tourón*

*Maxistrada especialista do Social-TSX de Galicia*

**17:15** Debate

**17:30** Segunda mesa redonda:

## PRESENTE E FUTURO DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS

Interveñen representantes de SN de CCOO de  
Galicia, CIG, UGT-Galicia e CEG

**18:30** Debate

**18:45** Pausa café

**19:15** Terceira mesa redonda:

## DESPRAZAMENTOS TRANSNACIONAIS: MARCO NORMATIVO EUROPEO

*José Fernando Lousada Arochena*

*Maxistrado especialista do Social-TSX de Galicia,  
Doutor en Dereito, Profesor Asociado de Dereito  
Procesual da Universidade da Coruña*

## DESPRAZAMENTOS TRANSNACIONAIS: PROBLEMAS APLICATIVOS INTERNOS

*Marta Fernández Prieto*

*Profesora Titular de Dereito do Traballo e da  
Seguridade Social da Universidade de Vigo*

**20:15** Coloquio

**20:30** Peche da xornada

## RESUMO DA XORNADA

Desde a súa aparición na práctica empresarial, a descentralización produtiva sempre foi obxecto de especial atención polo ordenamento xurídico-laboral. Iso débese a que aínda que se utilice lícitamente e sen ningunha intención fraudulenta, é susceptible de producir desprazamentos de responsabilidades empresariais con posibles consecuencias negativas para as persoas traballadoras. Con todo, aquela normativa -cuxa mostra máis representativa é o art. 42 ET- queda moi lonxe de poder facer fronte á complexa realidade descentralizadora actual. No punto de mira atópanse as empresas multiservizos que teñen por obxecto social as prestacións de actividades moi diversas a través de contratas e subcontratas con outras empresas e que provocou un gran escenario de precariedade laboral e salarial. Por outra banda, o antes aludido art. 42 ET non resolve toda a problemática laboral que afecta na actualidade ao persoal das subcontratistas.

O exame das fórmulas de descentralización produtiva quedaría incompleto se non se atende ao seu ámbito europeo, en concreto aos desprazamentos transnacionais de persoas traballadoras. Así, máis aló dun repaso ao seu marco regulador, a xornada completárase cunha visión dos seus problemas aplicativos no ámbito interno a fin de cumprir coa finalidade da súa ordenación: a harmonización da libre prestación de servizos coas garantías laborais dos traballadores e traballadoras desprazadas.

Profesionais especialistas na materia tratarán de responder a estas e outras cuestións.

Por outra banda, representantes das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia debaterán sobre o presente e futuro do sistema público de pensións.

Como ven sendo habitual nos últimos anos, esta xornada organízase conxuntamente polo Consello Galego de Relacións Laborais e o Departamento de Dereito do Traballo da Universidade de Vigo, punteiro a nivel estatal en investigación e grazas á inestimable colaboración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, sempre activo na procura da prestación de servizos ás empresas nel integradas.

Correspóndelle ao Consello Galego de Relacións Laborais, de acordo coa normativa reguladora, a función de promover e fomentar o debate social en cuestións de actualidade. Esperamos que esta xornada sexa de utilidade e que contribúa á formación, difusión e debate neste sempre cambiante mundo das relacións laborais.